

LIMIAR

O concello do Corgo non dispoñía dunha oferta deportiva variada, centrándose todos os esforzos no fútbol (dous equipos federados na Autonómica) e no fútbol sala. É por iso que a Asociación Cultural Arumes do Corgo (que nos estatutos ten previsto a posibilidade de realización de actividades deportivas) organiza unha carreira popular co obxectivo de chegar á xente nova e abrir o abano da oferta deportiva do concello cunha actividade que naceu coa idea de perpetuarse no calendario deportivo e de chegar tanto aos atletas profesionais como a todos os afeccionados ao atletismo en xeral.

Foi a Asociación Cultural Arumes do Corgo quen promoveu hai sete anos e medio xunto coa Escola Club Arumes-Área 10 e varias persoas independentes o nacemento do primeiro club de atletismo do Corgo, denominado "Arumes-Área 10". Isto tamén foi posíbel grazas á colaboración económica da Vicepresidencia Primeira da Deputación de Lugo e do Concello do Corgo.

Na actualidade Galiza dispón dunha serie de carreiras populares que cobren o calendario anual aumentando nos últimos anos as celebradas na provincia de Lugo. Agás a "Ferreirúa" da Pobra de Brollón e as xa populares "Corre con Nós" de Lugo e a "Memorial Eduardo Fdez. Villamarín" de Rábade, o resto das iniciativas afloraron recentemente.

A maiores O Corgo posúe unha contorna privilexiada para celebrar carreiras pedestres xa que posúe unha vasta rede de estradas asfaltadas, unha superficie practicamente chá (sen variacións altimétricas pronunciadas), bos accesos por estrada (A 6, N VI, LU 546...) e boas instalacións deportivas co fin de ser usadas como vestiarios e zona de duchas (pavillón municipal, campo de fútbol municipal e servizos do parque do Corgo).

Neste concello naceu o 29 de marzo de 1949 o atleta Julio Gude Trebolle, que militou nos clubs San Fernando de Lugo, Ministerio do Exército, Vallehermoso e Real Madrid. Foi doce veces internacional e en 1969, conseguiu o 5º posto no

Campionato do Mundo de Cross en Glasgow (Escocia), sendo o primeiro dos españois na clasificación xeral. En 1971 foi subcampión absoluto de España nos 3.000 m obstáculos, e Campión de España en 1972 na mesma especialidade. É hora de que o noso concello volva a formar outros atletas da mesma categoría!

Con todos estes vimbios, o traballo de moitas persoas que colaborarán na organización da proba do ámbito da Asociación Cultural Arumes do Corgo, a colaboración económica inestimábel do Concello do Corgo, o apoio técnico da Federación Galega de Atletismo (Delegación de Lugo) e moitos outros colaboradores e patrocinadores (Coca Cola-Begano, Club de Atletismo Arumes-Área 10, Centro de Estudos do Corgo, Protección Civil de Lugo, Subdelegación do Goberno en Lugo...) nace a X Carreira Popular Arumes do Corgo, unha carreira oficial incluída no calendario autonómico, controlada polo Comité Galego de Xuíces e autorizada pola Federación Galega de Atletismo, que co lema Memorial Quique Casanova, homenaxeará, outro ano máis, ao fundador da mesma, falecido en xuño de 2015.